

BALEARIC

Ion de Sosa, 2025

1644

ESTREA EN NUMAX: 12.12.2025 | V.O. | +16 | 74 min

Na véspera de San Xoán, un día propicio para a maxia, un grupo de mozos que se coaron nunha piscina dunha luxosa casa son atacados por tres feroces cans que os manteñen prisioneiros. Mentres tanto, os veciños reúnen nunha festa nunha casa grande para celebrar o comezo do verán.



Unha secreta forma de narración

Por Olivia Popp

As Balears teñen algo que as fai transcendentais: en 2023, *A ferida luminosa*, de Christian Avilés (nomeada ao European Short Film Award), mergullounos nese mundo onírico e brillantemente saturado no que o sol sempre brilla con forza e a vida nunca pareceu tan doce. A solemne entrega do seu protagonista á súa contorna revelaba algo sobre estas illas mediterráneas que se repite agora en *Balearic*, a segunda longametraxe de ficción de Ion de Sosa (cuxa mediametraxe de 2023, *Mamántula*, causou sensación en San Sebastián e no IFFR). *Balearic* estreouse a nivel mundial na sección Cineastas do presente do 78º Festival de Locarno e non cabe dúbida de que a película aproveita todo aquilo que nos intriga tan profundamente do inexplicable.

No marco dunha trama próxima á fábula que cuestiona os ideais modernos de autoconservación, catro amigos adolescentes (Lara Gallo, Elías Hwidar, Ada Tormo e Paula Gala) tópanse por casualidade cunha mansión baleira que conta cunha tentadora piscina de auga cristalina. O seu día dá un xiro radical cando deciden coarse na casa para pasar un intre na piscina, xa que un grupo de feroces cans negros aparecen da nada e ataca a un deles, deixando o resto confinados na auga e berrando de terror. A película cambia entón a outra liña narrativa, na que o cineasta pon o foco nun grupo de adultos adiñeirados —entre eles, o pai dun dos adolescentes atrapados na piscina— mentres gozan dun día de comida e luxo, tamén xunto a unha piscina. O grupo parece tranquilo, pero incómodo, coma se tivesen medo de nadar ou de dicir algo fóra de lugar, optando así por beber os seus cócteles de cores embriagadoras mentres os berros anteriores seguen ecoando na mente do espectador.

É a véspera de San Xoán, e o misticismo do día favorece a compenetración entre o mundo espiritual e o chamado empírico, o que dá lugar a unha serie de estraños sucesos: un globo devolve segredos ao grupo, mentres que nas marcas de queimado dunha paella derramada débúxanse os catro rostros petrificados dos adolescentes próximos. A xustaposición de ambas historias contribúe en gran medida a evidenciar a desconexión do segundo grupo coa realidade, así como a néboa que os converteu en meros espectadores dun mundo que reclama a súa axuda, como na escena na que observan en silencio como un helicóptero extrae auga da súa piscina para apagar un incendio —algo moi común en vacacións en España— que arde de lonxe, ante o cal se mostran sorprendentemente indiferentes.

O zumbido do deseño sonoro de Iosu González realza a sensación de estrañeza que se desprende de todo iso, coma se fose unha advertencia ou un presaxio enviado desde o alto. Non todo neste universo en descomposición será captado polo público, nin todas as conexións quedarán claras, o que sen dúbida derivará nunha experiencia de visionado única para cada espectador. Pero a través destas dúas historias, de Sosa logra sinalar a combinación de hedonismo e indiferenza revelada neste día profético, rodado en 16 mm por Cris Neira de maneira que a calidez brumosa da textura e as cores da longametraxe terminan por impoñerse. Non é nin unha realidade empírica nin unha ilusión espiritual: é unha secreta —ou sacra— terceira forma de narración.

Publicada en cineuropa.org